

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

### A miña aula

Pola ventá vense un anaco de estrada  
e un semáforo que vai cambiando de cor;  
é moi entretido mirar como paran  
os camións e os coches coa cor vermella,  
ata que a luz do semáforo se pon  
en verde e todos saen correndo.

Diante da ventá botamos unhas lentellas  
que cada día regamos cun pouco de auga.  
O encerado ocupa toda a parede de diante.  
Pola mañá, a mestra escribe nel a data, que é  
o dia da semana e o número, e o nome do mes.

Sobre as outras paredes hai mapas e un taboleiro de cortiza onde  
suxeitamos con chinhetas os nomes dos responsables de repartir  
os traballos e de regar as lentellas. Tamén hai un reloxo.

Todas as horas duran igual. Pero a min non me parece sempre  
o mesmo: ás veces o tempo acaba axiña, como as viaxes nos cabaliños  
da feira; e outras veces estirase coma a goma de mascar  
e son moi pesadas, coma cando che doen as moas.



PURA AZORÍN. *Pisando charcos* (adaptación)

1 Quen cres que conta esta historia? Marca.



a mestra da clase



unha rapaza da clase